

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP RAQUEL CAMACHO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
LINGUA CASTELÁ	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Ler comprensivamente o texto coa pronuncia, o ritmo e o ton axeitados, e responder correctamente as preguntas de comprensión.	- Le comprensivamente o texto coa pronuncia, o ritmo e o ton axeitados. - Responde correctamente as preguntas de comprensión.
Coñecer as partes das que se compón un texto.	Coñece as partes das que se compón un texto.
Coñecer e empregar axeitadamente as formas dos pronomes persoais.	- Coñece as formas dos pronomes persoais. - Emprega axeitadamente as formas dos pronomes persoais.
Distinguir as distintas formas verbais e a que conxugación pertencen.	- Distingue as distintas formas verbais. - Identifica a que conxugación pertencen.
Identificar as palabras dun mesmo campo léxico.	Identifica as palabras dun mesmo campo léxico.
Coñecer e aplicar a norma ortográfica das palabras rematadas en -d e en -z .	- Coñece a norma ortográfica das palabras rematadas en -d e en -z . - Aplica a norma ortográfica das palabras rematadas en -d e en -z .
Coñecer e aplicar as normas ortográficas do emprego do j .	- Coñece as normas ortográficas do emprego do j . - Aplica as normas ortográficas do emprego do j .
Coñecer e aplicar as normas ortográficas do emprego do v .	- Coñece as normas ortográficas do emprego do v . - Aplica as normas ortográficas do emprego do v .
LINGUA GALEGA	
Ler diferentes tipos de texto con fluidez e corrección.	Le diferentes tipos de texto con fluidez e corrección.
Comprender o sentido global dun texto e responder cuestións de comprensión relacionadas co seu comentario.	- Comprende o sentido global dun texto. - Responde cuestións de comprensión relacionadas co seu comentario.
Recoñecer e formar campos semánticos con palabras do vocabulario básico.	- Recoñece campos semánticos. - Forma campos semánticos con palabras do vocabulario básico.
Coñecer e aplicar con corrección as formas dos pronomes persoais.	- Coñece as formas dos pronomes persoais. - Utiliza con corrección as formas dos pronomes persoais.

Identificar os verbos e clasificalos segundo o tempo que expresen.	- Identifica os verbos nunha oración. - Clasifícaos segundo o tempo (presente, pasado, futuro) que expresen.
Escribir correctamente palabras con v.	Escribe correctamente palabras con v.
Elaborar un cartel informativo.	Elabora un cartel informativo seguindo os pasos estudados.
Mostrar interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

MATEMÁTICAS

Ler, escribir e ordenar números naturais ata sete cifras.	- Le naturais ata sete cifras. - Escribe números naturais ata sete cifras. - Ordena números naturais ata sete cifras.
Resolver distintas operacións aritméticas.	- Resolve sumas de ata sete cifras. - Resolve restas de ata sete cifras. - Resolve multiplicacións de ata tres cifras. - Resolve divisións con divisor dunha cifra.
Resolver problemas da vida cotiá mediante unha ou dúas operacións aritméticas.	Resolve problemas da vida cotiá mediante unha ou dúas operacións aritméticas.
Elixir adecuadamente a unidade de medida, segundo a magnitude que se mida.	- Compara o peso de varios obxectos. - Coñece as unidades máis usuais do SMD. - Identifica a unidade máis adecuada para cada caso, tendo en conta a magnitude a medir.
Coñecer e utilizar diferentes instrumentos de medida.	Coñece e utiliza diferentes instrumentos de medida.
Interpretar esbozo, planos e mapas.	Sitúa e expresa correctamente a localización dun elemento nun esbozo ou nun plano sinxelo.
Recoñecer os polígonos e clasificalos segundo o número de lados.	- Recoñece os polígonos. - Clasifica os polígonos segundo o número de lados.
Recoñecer, diferenciar e relacionar os prismas e as pirámides.	Diferencia un prisma dunha pirámide.
Coñecer, diferenciar e relacionar o cilindro, o cono e a esfera.	Recoñece e diferencia o cilindro, o cono e a esfera desde distintos puntos de vista.
Construír corpos xeométricos con elementos sinxelos.	Constrúe corpos xeométricos con elementos sinxelos (papel, plastilina,...)
Recoñecer e identificar un suceso seguro,	- Recoñece un suceso como posible, seguro ou

posible e imposible.	imposible. - Identifica sucesos da vida cotiá como posibles, seguros ou imposibles.
CC. NATURAIS	
Coñecer a enerxía e as formas nas que se manifesta.	- Nomea formas nas que se manifesta a enerxía. - Recoñece as formas de enerxía en distintos fenómenos.
Recoñecer as transformacións da enerxía tanto nos aparatos como nos procesos naturais.	- Identifica transformacións de enerxía en procesos naturais. - Identifica transformacións de enerxía en aparatos.
Distinguir fontes de enerxía renovables e non renovables.	- Define fonte de enerxía. - Distingue entre fontes renovables e non renovables.
Identificar as máquinas e os elementos que as forman.	- Describe os elementos que forman algunhas máquinas sinxelas. - Explica as vantaxes de utilizar estas.
Coñecer e o efecto que produce a forza aplicada en máquinas sinxelas	Identifica a forza aplicada en máquinas sinxelas e o efecto que produce.
Recoñecer as máquinas complexas e as tarefas que realizan .	Describe as tarefas que se realizan con máquinas complexas.
CC. SOCIAIS	
Enumerar grandes descubrimentos da Idade Contemporánea e os seus efectos.	Nomea grandes descubrimentos da Idade Contemporánea e os seus efectos.
Valorar os sistemas democráticos como unha conquista de moitas persoas.	Recoñece os sistemas democráticos como unha conquista de moitas persoas.
Mostrar curiosidade por coñecer feitos históricos, modos de vida, culturas e descubrimentos realizados no pasado.	Mostra curiosidade por coñecer feitos históricos, modos de vida, culturas e descubrimentos realizados no pasado.
Identificar os recursos naturais, e os seus valores.	- Nomea recursos naturais. - Describe os valores dos recursos naturais.
Recoñecer os distintos tipos de paisaxes, e as accións que os transforman .	- Describe e identifica os distintos tipos de paisaxes. - Describe accións que os transforman. - Explica os valores que se perden con iso.
Coñecer en que consiste «A regra dos tres R».	Explica en que consiste «A regra dos tres R».

Distinguir os diferentes tipos de lixo e saber como separalos.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os diferentes tipos de lixo. - Sabe como separar os distintos tipos de lixo.
Enumerar medidas para paliar o esgotamento dos recursos naturais, a contaminación, a acumulación de residuos e as desigualdades sociais.	<ul style="list-style-type: none"> - Describe medidas para paliar o esgotamento dos recursos naturais. - Describe medidas para paliar a contaminación e a acumulación de residuos. - Describe medidas para paliar as desigualdades sociais.
PLÁSTICA	
Esforzarse por aplicar as gamas de cor solicitadas nas súas creacións libres.	Pon interese en aplicar as gamas de cor solicitadas nas súas creacións libres.
Utilizar nas reproducións plásticas os seus coñecementos matemáticos e obtér así unha copia máis exacta das paisaxes.	Aplica nas reproducións plásticas os seus coñecementos matemáticos e obtén así a copia máis exacta das paisaxes.
Interesarse por lograr unha relación de proporción entre os elementos das paisaxes debuxadas.	Esfórzase por lograr unha relación de proporción entre os elementos das paisaxes debuxadas.
Administrar o espazo limitado por unha folla en branco ao crear novas composicións.	Administra o espazo limitado por unha folla en branco ao crear novas composicións.
Plasmar nos seus temas plásticos os contidos adquiridos durante este curso.	Aplica nos seus temas plásticos os contidos adquiridos durante este curso.
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Asumir as calidades propias como un punto de partida para mellorar mediante o esforzo.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece as súas calidades e aprecia as súas virtudes. - Asume os seus defectos.
Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.	<ul style="list-style-type: none"> - Explica a importancia de quererse a un mesmo e de querer aos demais. - Actúa de xeito respectable e digno.
Desenvolver o compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> - Entende e expón as vantaxes da axuda aos demais. - Colabora na casa e cos seus compañeiros.
Contribuír á mellora do ambiente entre os compañeiros de clase e practicar o altruísmo no ámbito escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Entende as implicacións de compartir tarefas cos compañeiros. - Interactúa adecuadamente coa seus compañeiros de clase. - Móstrase xeneroso cos seus compañeiros.
Resolver os conflitos de xeito pacífico.	- Distingue e recoñece diferentes actitudes ante os conflitos.

	<ul style="list-style-type: none"> - Resolve conflitos de xeito construtivo. - Rexeita as actitudes violentas.
Actuar honradamente.	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexiona sobre as consecuencias da falta de honradez - Rexeita as mentiras.
Contribuir á conservación do medio	<ul style="list-style-type: none"> - Interésase polo seu ámbito natural e razoa as vantaxes da súa adecuada conservación. - Adquire conciencia da importancia do respecto á natureza.

2.- Avaliación e cualificación.

- Procedementos e instrumentos:

Os procedementos e instrumentos utilizados son: fichas, traballos de investigación, redacción ou artísticos e actividades complementarias nos cadernos; dos que se fai o seu seguimento mediante: a mensaxería de Abalarmóbil, o intercambio de correos electrónicos e chamadas telefónicas.

- Cualificación final:

Establecerase a cualificación final segundo a seguinte proporción:

1ª avaliación: 45%

2ª avaliación: 45%

3ª avaliación: 10%

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre:

- Actividades:

Realízanse tanto actividades de repaso e reforzo dos trimestres anteriores como actividades sinxelas do propio trimestre, referentes a contidos xa tratados (ben nos trimestres anteriores por tratarse de elementos transversais, ou no curso pasado).

-Metodoloxía:

Unha constante na metodoloxía é o fomento da lectura como ferramenta básica da aprendizaxe activa e motivadora.

Faise sempre partindo do nivel do alumnado para construír aprendizaxes significativas.

Foméntase o aspecto lúdico e creativo.

- Materiais e recursos:

Materiais e recursos impresos: fichas fotocopiáveis (tanto elaboradas polos propi@s maestr@s como proporcionadas polas distintas editoriais) e o propio caderno do alumnado.

Materias e recursos dixitais: webs do centro, webs das distintas editoriais con accesos gratuitos a diferentes contidos, ordenador, tablet ou teléfono móbil (con conexión wifi ou datos).

4.- Información e publicidade:

- Información ao alumnado e ás familias:

A información ás familias farase a través de tres medios principalmente: teléfono, mensaxería de Abalarmóbil e correo electrónico.

- Publicidade:

Na web do centro.